



BONOS CORAZÓN PRAZA DE ABASTOS

DESCARGA OS BONOS E CONSIGUE
ATA 90 € PARA AS TÚAS COMPRAS
NA PRAZA DE ABASTOS



+info: bonoscorazoncompostela.gal

1. QUE SON OS BONOS CORAZÓN PRAZA DE ABASTOS?

O programa de Bonos Corazón Praza de Abastos é unha iniciativa do Concello de Santiago para incentivar a actividade económica mediante o cofinanciamento de **bonos para o consumo no comercio e na hostalería da Praza de Abastos**.

2. COMO FUNCIONAN OS BONOS?

Cada cliente/a poderá descargar ata **3 bonos cofinanciados nun 40% polo Concello de Santiago** e nun 60% pola persoa solicitante. Hai tres tipos dispoñibles:

- **Bono de 75 €** (IVE incluído): 45 € ponos a persoa usuaria, 30 € o Concello.
- **Bono de 50 €** (IVE incluído): 30 € ponos a persoa usuaria, 20 € o Concello.
- **Bono de 30 €** (IVE incluído): 18 € ponos a persoa usuaria, 12 € o Concello.

Pódese escoller libremente entre calquera das modalidades e tamén solicitar máis dun bono da mesma clase.

O importe dos bonos irase consumindo nas compras de bens ou de servizos que se realicen nos establecementos adheridos ao programa antes do 31 de agosto de 2022, ata esgotar o saldo.

3. COMO SOLICITAR OS MEUS BONOS?

Entra na web

www.bonoscorazoncompostela.gal

e rexístrate indicando os teus datos. Unha vez validada a solicitude e verificada a achega do cofinanciamento, poderás descargar os teus bonos en formato dixital a través dun código QR que estará dispoñible para a súa utilización na APP Wallet.

Se prefires solicitalos de maneira presencial, deberás pedir unha cita a través do enderezo electrónico

comercio@santiagodecompostela.gal ou no teléfono 981 542 492.

4. QUEN PODE OBTEN OS BONOS?

Calquera persoa pode beneficiarse do programa. Non é preciso que estea empadroada en Santiago. O único requisito é ser maior de idade.

5. CANDO PODO EMPREGAR OS MEUS BONOS?

Tes de prazo ata o **31 de agosto de 2022**.

Nese momento o bono non trocado caduca e pérdese o saldo non consumido.

6. COMO TROCO OS MEUS BONOS?

No momento de pagar deberás presentar o teu bono Corazón Praza de Abastos a través da aplicación móbil do programa. O importe de cada compra ou servizo adquirido irase descontando do saldo inicial de 75, 50 ou 30 €. Podes esgotalo nun só acto de consumo ou en varios, no mesmo ou en diferentes establecementos adheridos.

7. ONDE PODO MERCAR COS MEUS BONOS?

A listaxe de establecementos comerciais e de hostalería adheridos ao programa será publicada na web

www.bonoscorazoncompostela.gal

co seu nome e localización.

Así mesmo, todos lucirán no exterior carteis e adhesivos coa imaxe do programa para indicar que alí podes trocar os teus bonos.

8. QUE OCORRE SE DEVOLVO O QUE MERQUEI?

Nese caso, podes aplicar o importe do bono a outra compra de prezo igual ou superior ou trocalo por un vale sen caducidade.

Non está permitido devolver en efectivo nin a través de tarxeta de crédito importes pagados cos bonos.



ENTRA XA EN

WWW.BONOSCORAZONCOMPOSTELA.GAL
E REXÍSTRATE!



+info: bonoscorazoncompostela.gal